



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES



PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL (PXA)

IES PAZO DA MERCÉ

AS NEVES

CURSO 2023/2024



ÍNDICE

CAPÍTULO I.

1. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS E MEDIDAS
2. RECURSOS
3. HORARIO XERAL DO CENTRO
4. SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

CAPÍTULO II. DOCUMENTO DE ORGANIZACIÓN DO CENTRO (DOC)

CAPÍTULO III.

1. PLAN ANUAL DE LECTURA (Anexo I)
2. PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES (Anexo II)
3. ORGANIZACIÓN, FUNCIONAMENTO E HORARIO DA BIBLIOTECA
4. PROGRAMA DO EQUIPO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA (Anexo III)
5. PROGRAMA DE FORMACIÓN DO PROFESORADO DO CENTRO
6. PROGRAMA DE FORMACIÓN EN CENTROS DE TRABALLO



CAPÍTULO I. PLAN ANUAL

O PLAN ANUAL foi informado/aprobado no **Claustro do día 16/10/2023** e no Consello Escolar o día **16/10/2023**.

Preséntanse, a xeito de ideas-forza, os grandes eixes ou obxectivos e cadansúa medida relacionada:

1. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS E MEDIDAS

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	MEDIDAS
O.1 Posibilitar ao alumnado a adquisición dos coñecementos e competencias necesarios para a súa formación educativa e laboral.	M.1 Dotar o alumnado dunha educación acaída desde a perspectiva cultural e formativa, que sexa a base precisa para proseguir estudos, poder inserirse laboralmente e exercer os seus dereitos e deberes na súa dimensión social. Avanzar na divulgación da nosa oferta educativa.
O.2 Defender e promover a nosa lingua e cultura.	M.2 Potenciar o uso da nosa lingua e a súa estima. Velar polo seu emprego como lingua de comunicación institucional do centro, tanto interna como externamente. Apoiar o EDNL nas súas propostas de dinamización e impulsar a participación da Comunidade Educativa. Potenciar o coñecemento e posta en valor do noso patrimonio cultural, material e inmaterial, e, de forma especial, o da área e contexto do centro. Colaborar con outras entidades e institucións para darlle pulo ao noso idioma.
O.3 Fomentar a posta en valor do ensino público en canto garantía dunha igualdade efectiva de oportunidades, con atención á diversidade do alumnado dentro dun modelo de escola inclusiva.	M.3 Concienciar dos valores do ensino público e da súa función social, democrática e científica. Atender á diversidade do alumnado e aplicar, na medida das posibilidades reais, as medidas axeitadas en función das necesidades educativas: reforzos, seguimento do alumnado repetidor, pendentos, adaptacións curriculares, Programas de Diversificación Curricular, opcionalidade... Colaboración entre titorías, xefatura de estudos e departamento de orientación na organización destas



	medidas.
O.4 Mellorar a convivencia entre os membros da comunidade educativa.	M.4 Desenvolver liñas de actuación para o coñecemento e a aplicación do Plan de Convivencia, adaptándoo á realidade actual e normativa. Impulsar a prevención e a mediación como proceso de resolución pacífica e dialogada de conflitos.
O.5 Funcionar en igualdade entre xéneros e na non discriminación de persoas.	M.5 Combater estrutural e integralmente os discursos e prácticas da desigualdade entre sexos. Atender nas programacións a igualdade e darlle relevo na práctica docente á contribución da muller ao longo da historia nos distintos ámbitos do saber. Rexeitar pedagoxicamente ideas, hábitos, pautas, prácticas que reproduzan situacións ou esquemas que naturalicen estereotipos de xénero e prexuízos sexistas. Educar no respecto polas distintas opcións afectivas. Participar nas campañas a prol da igualdade de xénero.
O.6 Mellorar o coidado das instalacións, recursos e equipamentos do centro, así como avanzar na concienciación do seu valor.	M.6 Traballar no mantemento e mellora das instalacións interiores e exteriores, impulsando asemade dinámicas de coidado polos espazos verdes, na perspectiva do aprezo á propiedade e servizo públicos. Levar a cabo actuacións sobre os espazos naturais (monte, resto de zonas verdes, etc.)
O.7 Deseñar a defensa do medio natural e activar liñas de concienciación.	M.7 Continuar promovendo iniciativas de aforro enerxético. Fomentar liñas de traballo que atendan á concienciación e práctica ambiental (elaboración de materiais, recollida selectiva, reciclaxe, compostaxe, limpeza dos espazos). Coñecer o patrimonio natural da contorna. Rexenerar o monte e traballar didacticamente.
O.8 Intensificar o recoñecemento e respecto da diversidade lingüística e cultural.	M.8 Impulsar a interculturalidade como elemento enriquecedor e positivo da sociedade. Concienciar sobre a importancia do coñecemento de linguas (inglés, francés, portugués) e, de xeito



	particular, apreciar e favorecer as relacións con Portugal (históricas, sociais, económicas).
O.9 Favorecer a coordinación das actividades extraescolares e complementarias como potencial educativo de relevo.	M.9 Racionalizar e coordinar desde unha perspectiva didáctico-pedagóxica estas actividades, evitando ao alumnado discriminacións por motivos económicos. Favorecer a colaboración entre departamentos, centros, administracións.
O.10 Promover as relacións con outros centros e entidades do contorno.	M.10 Favorecer iniciativas que dean impulso á relación con outros centros educativos, asociacións, entidades con finalidade educativa. Potenciar encontros e colaborar en actividades. Apoiar e participar en proxectos de interese para a comunidade educativa
O.11 Contribuír á autonomía e responsabilidade do alumnado.	M.11 Responsabilizar ao alumnado na elaboración responsable dos calendarios de exames. Desenvolver prácticas que fomenten a asunción cabal de tarefas, como ser partícipe no coidado dos distintos recursos e espazos do centro, ou xestionar con madurez accións e situacións. Fomentar e valorar estas actitudes.
O.12 Impulsar a participación das familias na vida escolar.	M.12 Potenciar a comunicación cos pais, nais ou titoría do alumnado: xuntanzas, información, colaboración. Avanzar no uso das novas tecnoloxías en relación coas familias (AbalarMóbil). Impulsar a ANPA, para desenvolver o seu cometido e apoiar nas actividades. Cooperar, cando sexa preciso, cos Servizos Sociais dos concellos.
O.13 Activar a participación do alumnado na vida do centro.	M.13 Potenciar o papel das delegadas e delegados como representantes do alumnado e implícalo na organización de actividades. Intensificar a súa participación nos distintos ámbitos e estruturas: EDNL, Consello Escolar, Biblioteca, en sintonía tamén coa súa responsabilidade.
O.14 Dinamizar a biblioteca e os proxectos relacionados con ela.	M.14 Desenvolver actividades de uso da biblioteca (consulta, lectura). Divulgar a súa importancia e fondos para a vida escolar. Mellorar na páxina web, catalogación, recursos.



	<p>Desenvolver liñas de fomento de lectura. Club de lectura.</p> <p>Elaborar a actualización do Plan de Lectura e o Proxecto Lector.</p> <p>Continuar con actividades e procesos de potenciación da biblioteca.</p>
<p>O.15 Fomentar as TICS entre a comunidade educativa e mellorar o mantemento informático do centro.</p>	<p>M.15 Mellorar a situación a nivel informático. Optimizar a páxina web e a aula virtual do centro con información actualizada de interese para a comunidade educativa. Mellorar os equipos informáticos e a rede. Avanzar no uso de medios audiovisuais. Participar en actividades de formación. E-Dixgal implantado en 1º, 2º e 3º da ESO.</p>
<p>O.16 Mellorar a relación entre departamentos didácticos e o traballo interdisciplinar.</p>	<p>M.16 Fomentar a participación entre departamentos co fin de coordinar e unificar (a través da CCP): metodoloxías, contidos, nomenclaturas comúns, etc. apoiando a interdisciplinariedade e a transversalidade. Facer análise de grupos a través de reunións do equipo docente e xefatura de estudos e propoñer estratexias acidas para a resolución de problemas. Valorar resultados académicos e trasladar conclusións á CCP e ao Claustro.</p>
<p>O. 17 Educar en hábitos saudables, seguranza viaria, educación afectivo-sexual.</p>	<p>M.17 Concienciar a través de charlas, obradoiros ou outras iniciativas sobre estes aspectos.</p>
<p>O.18 Seguir actualizando a documentación do centro.</p>	<p>M.18 Avanzar na adaptación dos documentos do centro á lexislación vixente e elaborar as revisións necesarias de cara á actualización dos mesmos a través de comisións e grupos de traballo.</p>
<p>O.19 Favorecer dinámicas de participación de toda a comunidade educativa</p>	<p>M.19 Organizar actos, exposicións e xornadas que fomenten a participación e implicación de toda a comunidade escolar, dentro das limitacións físicas deste curso.</p>

2. RECURSOS

O centro conta cos seguintes recursos que permiten achegarnos a consecución dos obxectivos propostos:

1) Humanos

- Persoal docente: 40 profesores/as a tempo completo. Un profesor de Relixión en itinerancia, compartido con 2 institutos de Ponteareas, sendo o centro de referencia o IES Pedra da Auga de Ponteareas. Temos tamén dúas profesoras de Pedagogía Terapéutica (as dúas con redución de xornada) e unha cuidadora.
- Persoal non docente: unha auxiliar administrativa, dous subalternos e dúas persoas de limpeza.

2) Materiais

Instalacións das que dispón o centro:

- O edificio antigo, que dá nome ao centro, o Pazo da Mercé.
- Un edificio traseiro que alberga ciclos e aulas específicas.
- Un pavillón deportivo.
- Un edificio (antiga casa do conserxe) que alberga os vestiarios na planta superior e a biblioteca na planta inferior.

Nos edificios, ademais das aulas de grupo, inclúense:

- Tres laboratorios (física, química e bioloxía e xeoloxía).
- Sete aulas de informática (unha delas destinada a compartir pola ESO e Bacharelato), o resto destinadas a FP Básica (2), Ciclo medio(2) e Ciclo superior(2).
- Unha aula de música.
- Unha aula de educación plástica.
- Unha aula de tecnoloxía.
- Sala de usos múltiples
- Departamentos.
- Sala de profesorado.
- Cafetaría.

3) Económicos

Orzamento do centro. Contamos coa colaboración do concello das Neves puntualmente en tarefas de mantemento e na realización de actividades, así como na cesión do Auditorio Municipal.



Os Servizos Sociais dos Concellos de Arbo e As Neves colaboran habitualmente no seguimento do alumnado incluído nos seus programas coa dirección do instituto e co Departamento de Orientación.

Para as actividades ligadas á biblioteca cóntase cunha profesora responsable que é a coordinadora da mesma con horas fixas de dedicación semanal, e con profesorado de garda nos recreos e algunha hora mais antes e/ou despois do recreo. Participamos no PLAMBE.

Para a atención a diversidade, apoio ao proceso de ensino e aprendizaxe, apoio á acción tutorial e a orientación académica e profesional, cóntase cun Departamento de Orientación, cunha orientadora con xornada completa, e dúas profesoras de pedagogía terapéutica con redución de xornada. Neste curso contamos con reforzos educativos para o alumnado exento de 2ª lingua estranxeira en 1º ESO e 2º ESO, así como PDC soamente en 3º ESO.

No Equipo de Dinamización e Normalización da Lingua Galega empeza este ano como coordinador o profesor de Lingua e Literatura Galega: Miguel Silva Conde.

Este curso 2023-2024 continuamos coa internacionalización da FP Básica de Informática de Oficina e Ciclo Medio de Sistemas Microinformáticos e Redes (en relación co módulo de Formación en Centros de Traballo dentro do programa de mobilidade ERASMUS+).

No actual curso imparte Teatro os luns pola tarde en horario de 16:00 a 17:30 as profesoras Cristina Mato Fresán e Lucía García Jartín. Os mércores en horario de 16:00 a 18:30 CUALE Francés con nivel A1 a profesora Belén Jorge Estévez.

3. HORARIO XERAL DO CENTRO.

Horario xeral do centro

No que se refire ás datas de comezo e final de curso, así como vacacións e días non lectivos, cumprese seguindo as directrices de calendario escolar da Consellería de Educación para o curso 2023-2024.

O **horario de apertura** é o seguinte:

- Mañás de luns e venres: de 8.45 h a 15.30 h.
- Mañás de martes, mércores e xoves: de de 8.45 h a 14.40h.
- Tardes: luns e mércores de 15.45 h a 18.45 h.

O **horario lectivo** é:

ESO, FPB e BACHARELATO:

- Luns e venres de 9.00 h a 15.20 h, sete períodos lectivos e dous períodos de lecer de 15 minutos cada un/día.
- De martes a xoves de 9.00 h a 14.30 h, seis períodos lectivos e un período de lecer de 30 minutos.
- Non temos clases pola tarde. Salvo o alumnado de 4º da ESO participante no programa CUALE os mércores de 16:00 a 18:30
-

CICLOS FORMATIVOS (Medio e Superior):

- Luns e venres de 9.00 h a 14.30 h, seis períodos lectivos e dous períodos de lecer de 15 minutos cada un/día.
- De martes a xoves de 9,00 h a 14.30 h, seis períodos lectivos e un período de lecer de 30 minutos.
- Luns e mércores de 16.00 h a 18.30 h, tres períodos lectivos.

Horario de verán

O centro permanecerá aberto:

- Mes de xullo de 9.30 a 13.30
- Mes de agosto de 10.00 a 12.00



Horas e condicións de dispoñibilidade de uso das instalacións polo alumnado

Este ano aceptamos solicitudes para uso das instalacións do centro por parte de entidades externas en horario lectivo.

Días non lectivos do centro

As datas propostas como días non lectivos do centro, seguindo a Orde de 2023 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2023/24, nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia, e aprobadas polo Consello Escolar son:

- 13/10/2023
- 20/05/2024



4. SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

TRANSPORTE ESCOLAR

Nestes momentos as rotas de transporte escolar que temos son 6, as cales se detallan a continuación con cadansúas paradas.

Rota 1: BATALLÁNS	XG 8883501	Alumnado: 24
Paradas: Rubiós Couto		
Rubiós Igrexa		
Rubiós Casteliño		
Rubiós Escabadas		
Rubiós Lomba		
Taboexa Cruce		
Taboexa Miraxendo		
Taboexa Rata		
Taboexa Regueiro		
Taboexa Carrasqueira		
Taboexa Chandandeira		
S. Pedro Igrexa		
S. Pedro Arriba		
S. Pedro Cividáns		
S. Pedro Abaixo		
Batalláns		
Lentille		

Rota 2: VIDE	XG 8884101	Alumnado: 18
Paradas: Lamelas		
Ponte Vide		
Chan de Vide		
Cruce Vide		
Piñeiro		
San Cibrán		



Ruta 3: TORTOREOS XG 8884301 Alumnado: 21

Paradas: Chan

Liñares
Redondelo
Paredes
Estación
Porqueira
Rozas
Sela

Ruta 4: CERDEIRA XG 8884401 Alumnado: 14

Paradas: Eira da Liñaza

Xastre Pedrouzón
Grupo escolar
Tendeiro
Tuia
Santa Marta
Currás
Outeiro
Rubial
Parada Nova
Estrema
Marquiño
Cerdeira

Ruta 5: ARBO XG 8884801 Alumnado: 26

Paradas: Barcela

Cabeiras
A Rocha



Tenda da Rocha
Arbo
Cuartel Garda Civil
Rotonda de Arbo

LIÑA REGULAR (AS NEVES-PONTEAREAS)

Alumnado: 10

O alumnado de ensino post-obrigatorio (Ciclos e Bacharelato) fai uso da tarxeta Xente Nova para o transporte, pero, non aparece reflexado nos cadros anteriores.

COMEDOR ESCOLAR

Dende o curso 2020/2021 non ofertamos comedor escolar, por non ser preciso co noso horario lectivo.



CAPÍTULO II.

DOCUMENTO DE ORGANIZACIÓN DO CENTRO (DOC)

Este curso aínda non recibimos instrucións respecto ao DOC, temos toda a documentación lista para revisar, pechar e entregar a inspección cando nolo soliciten.

Unha vez pechado e impreso, pode ser consultado en calquera momento no despacho de administración ou de dirección.



CAPÍTULO III.

1. PLAN ANUAL DE LECTURA

Anexo I

2. PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Anexo II

3. ORGANIZACIÓN, FUNCIONAMENTO E HORARIO DA BIBLIOTECA

A persoa encargada da Coordinación da Biblioteca é a profesora de Lingua Castelá e Literatura: Montserrat Santos Barroso, a cal conta con tres horas fixas de dedicación semanal á Biblioteca e completa o seu horario con gardas de biblioteca.

Conta coa axuda de profesorado que fai garda polo menos 2 sesións diarias na Biblioteca. Esta axuda non é suficiente, pero, non dispoñemos de máis horario do profesorado.

O IES Pazo da Mercé segue a participar este curso no programa PLAMBE.

4. PROGRAMA DO EQUIPO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Anexo III

5. PROGRAMA DE FORMACIÓN DO PROFESORADO DO CENTRO.

Este curso 23/24 formaremos parte de novo, dun **PFPP** (Plan de Formación Permanente do Profesorado) e a través del recibiremos as formacións e crearemos os grupos de traballo precisos para:

- Realizar o seguinte paso co Plan Dixital que empezamos fai dous cursos.
- Solicitud de dos contratos programa CP-Inclúe e tamén o contrato programa CP-Innova de excelencia (escolas UNESCO).
- Plan Proxecta PVAD: Proxectos de vida activa e deportiva.

- Grupo de Traballo 1: Prácticas restaurativas.
- Grupo de Traballo 2: H5P.
- Actualizar a documentación do centro.

Paralelamente o profesorado de xeito persoal está a facer cursos en **fprofe** como:

- Curso de elaboración de programacións coa aplicación informática PROENS secundaria.
- Formación inicial en igualdade para funcionariado en prácticas.
- A posta en práctica da acción tutorial.
- Webs dinámicas: Moodle (Administración).

6. PROGRAMA DE FORMACIÓN EN CENTROS DE TRABAJO

No noso IES temos 3 ciclos con FCT:

1. FP Básica de Informática de Oficina (FPB).
2. Ciclo Medio de Sistemas microinformáticos e redes (CM).
3. Ciclo Superior de Desenvolvemento de aplicacións web (CS).

Este curso 2023/2024 teremos 2 trimestres diferenciados de FCT convencional:

- 1º trimestre: de setembro a decembro: xa están neste intre 10 alumnos facendo a FCT nas empresas (3 de FPB, 4 de CM e 3 do CS).
- 3º trimestre: de marzo a xuño: no que fará a FCT o alumnado que remate de xeito adecuado os segundos cursos de FPB, CM e CS.

Tamén este curso, o alumnado de 2º de CS terá a posibilidade de realizar unha **FP Dual de tipo 2** (de xaneiro a xuño), que empezamos no curso 2022/2023.